


*J. E. J. Alexandre  
Boveda*

## EDITORIAL

Un ano máis sen faltar á cita. Aquí tedes unha pequena mostra das, algunhas, cousas que aconteceron este curso no insti.


Como sempre, hai que darlle as grazas a toda a xente que contribúe cada ano a dinamizar o noso centro. De novo o departamento de Orientación, o de Tecnoloxía e a Biblioteca son os que máis nos moven, e se moven. Pero non hai que esquecer a tod@s eses profes e alumn@s sen os cales todo seguiría parado. Non son demasiados pero nunca fallan á hora de colaborar para que o Alexandre Bóveda sexa cada ano máis activo. A todos vós, grazas.




PORTADAS E MÁIS PORTADAS




**Álvaro Jurado**




**Noa Covelo**



**Eva Pereira**



**Ivan Martínez**




**Laura López**



**Antía Couto**



**Borja López**




**Gonzalo Arévalo**




**Jéscica Rodríguez**




**Laura Zapatero**




**Berenice Fernández**



**Carmen Cea**



**Héctor Iglesias**




**Juan Diz**




**Miguel Alonso**





**Mª Jesús Alonso**



**Noa**




**Noa Rodríguez**



**Raquel Ferradás**




**Raquel Jorge**



**Raúl Gullón**



**Rerbeca Iglesias**



**Roberto López**




**Rubén Fernández**




**Rubén Rodríguez**




**Sara McGarry**



**Uxia Goberna**



**Uxia Matos**



**Yaiza Barreiro**



**Yago Rodríguez**



## VISITA Á FACULTADE DE BIOLOXÍA

O martes 12 de Abril, os alumnos do Bacharelato científico fomos visitar a Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo. Cando nos deron a noticia todos nos entusiasmos coa idea de visitar o que para moitos será o seu próximo lugar de estudo. Estamos nunha época moi determinante para o noso futuro, e todo aquilo que nos axude a aclarar as nosas ideas é ben recibido. Ademais, a semana pasada visitáramos a Universidade de Santiago de Compostela, e o éxito desta primeira visita aumentaba as expectativas con respecto a esta outra. Expectativas que foron cumpridas e, con moito, superadas. Ao chegar, a decana da Facultade de Bioloxías, Dona Cristina Arias Fernández presentounos o plan da Universidade e os métodos de traballo, destacando o plan de estudo, o sistema de titorías, os proxectos e as vantaxes do plan Bolonia sobre as notas dos estudantes. Despois da charla, separáronnos en grupos, cada un dos cales iría visitar a parte da Facultade relacionada cunha especialidade: zooloxía, microbioloxía, xenética... Puidemos entrar nos laboratorios, preguntar sobre as estrañas ferramentas e materiais que alí había e facernos unha idea do funcionamento das clases. No aperitivo tivemos a oportunidade de compartir as nosas experiencias e comentar co resto dos compañeiros aquilo que vimos e que nos ensinaron. A visita foi moi interesante e útil para comezar a entrar en contacto coa dinámica universitaria. Máis universidades deberían abrir as súas portas aos futuros alumnos, pois é agora cando precisamos ser coñecedores de toda a diversidade universitaria para, máis adiante, tomar a decisión adecuada que dirixa o resto da nosa vida académica e profesional.



Inés Rodríguez e Marta Gómez de 1º Bach. B

## AS CURIOSIDADES DA AVOA

Unha tarde de inverno, a avoa de Xoán preguntoulle:

-Neno, que é a enerxía nuclear?

Xoán contestoulle:

-Por que tes tanto interese en saber iso, avoa?

-Porque vin o que sucedeu en Xapón, e quero saber como funciona unha central nuclear.

Xoán comezoulle a contar:

-Pois mira, avoa, todo o que tocamos está formado por átomos.

-É que son os átomos?

-Son partículas que teñen un núcleo, formado por protóns e neutróns é unha codia que está rodeada por electróns.

-Aaaaaaa...

-E sabes avoa? Os átomos normalmente non se poden dividir xa que están unidos por forzas moi poderosas, pero hai certo tipo de átomos como o U-235, que se pode dividir en determinadas circunstancias.

-Cómo fan para se dividir?

-Un neutrón choca contra o átomo cunha gran forza, o que fai que o átomo se divida en dúas partes, desprendendo gran cantidade de enerxía.

- E que pasa con eses neutróns?

-Estes neutróns chocan contra outros átomos, o que se coñece por enerxía nuclear.

-Que cousa máis complicada..

-Isto chámase reacción en cadea ,que pode causar unha bomba atómica se non se controla debidamente.

-Como sucedeu en Hiroshima e Nagasaki!

-E que é iso de Hiroshima e Nagasaki?

A avoa respondeulle:

-Pois son dúas cidades xaponesas onde explotaron dúas bombas atómicas na II Guerra Mundial. Foi unha gran traxedia...

- E logo sigamos con iso do reactor nuclear.

- Explícame que é o reactor.

- Pois avoa , o reactor nuclear é un recinto da central nuclear onde se leva a cabo a división dos átomos de uranio e plutonio de forma controlada para que non se forme unha bomba atómica.

- Que é iso do U-235 que dixeches antes?

-Espera, avoa, que non o sei e vouno buscar no dicionario. Xa o atopei, lécho:



O uranio é un elemento radioactivo metálico moi pesado de cor gris que é utilizado como combustible para a produción de enerxía nuclear e de bombas atómicas.

- E como funciona o reactor?

-Necesitase unhas instalacións adecuadas para que se poda levar a cabo a división de átomos dunha forma controlada e segura. O reactor ten uns elementos de control que absorben algúns neutróns e evitan a reacción en cadea incontrolada. Estes elementos arrefríanse continuamente con gas ou con auga. Pero esta enerxía produce residuos radioactivos que son moi perigosos.

-Filliño e que fan cos desfeitos radioactivos.

-Ai avoa iso é o peor, actualmente pensase que o mellor sitio para os desfeitos radioactivos e baixo terra, nos océanos ou no espazo.

-Non me digas, que barbaridade..

-Para enterralos, antes é necesario coñecer as consecuencias nos seus arredores e aumentar a capacidade de facer predicións fiables polos posibles danos que causen no seu ambiente.

- E a isto non se lle ten ningún tipo de precaución?

-Si, para evitar escapes incontrolados de sustancias radioactivas, utilízanse varias barreiras. O edificio esta formado por unha parede de formigón armado de medio metro de espesor dentro hai unha esfera de aceiro que envolve a outro muro de formigón onde están introducidas unhas vaíñas herméticas que rodean o combustible.

- E que son as boinas herméticas?

- Non, vaíñas herméticas, que son capas como as que envolven as xudías

- E onde se consegue o U-235?

- Atópase de forma natural en algúns minerais extraese a ceo aberto ou escavación subterránea .

-Avoa, e sabes que é o peor disto? Que a enerxía nuclear ten inconvenientes tanto para o mundo como para as persoas. Porque xenera moitos residuos nucleares e é moi difícil xestionalos porque tardan moitísimos anos en perder a súa radioactividade e perigosidade.

- E que lles pasa as persoas que teñen contacto coa radioactividade?

-Pois...producen enfermidades como a leucemia, cancros, e se son doses moi altas de radioactividade produce febre , caída de pelo e mais cousas pero no extremo de todo isto a morte.

-Isto da enerxía nuclear paréceme moi prexudicial para o mundo, meu rei

-Tamén ten cousas boas, avoa.

-Como cales?

- Pois mira, non ten carbono polo que non afecta ao quentamento global..Tampouco case no emiten dióxido de carbono.En medicina utilízanse terapias para combater o cancro tratando os tumores malignos e tamén se utiliza esta enerxía nuclear como técnica de diagnóstico.A radiación utilízase para detectar diversos contaminantes no medio ambiente.

Relato escrito polos alumn@s de 4º DIV: Samuel Alcántara, Yuri Aristegui, Lara Curras, Isabel González, Sara Rey, Sergio Rodríguez, Estefania Silva, Cristina Soto e David Teijeira
















# エアギア AIRGEAR

Cristina García  
Dana Álvarez 1º E



## A Morte de SpitFire






















## CONCURSO DE PROBLEMAS E RELATOS MATEMÁTICOS



Este curso escolar o Departamento de Matemáticas do noso instituto convocou o segundo concurso de problemas matemáticos para o alumnado do 1º e 2º ciclos da Eso., e o primeiro concurso de relatos matemáticos dirixido a todo alumnado do Centro., en dúas categorías: alumnado da eso e alumnado de bacharelato. Dende o Departamento non temos máis que felicitar a todo alumnado pola súa participación, tanto na realización dos problemas como na presentación dos relatos. Animamos ao alumnado a que persevere xa que para o próximo curso seguiremos con esta iniciativa. Os gañadores nos concursos foron:

### ALUMNOS PREMIADOS NO CONCURSO DE PROBLEMAS

#### 1º CICLO

**PREMIO: MIRIAN PÉREZ VÁZQUEZ**                      **1º ESO A**

**MENCIÓN: PAULA PIÑEIRO VARELA**                      **2º ESO C**

#### 2º CICLO

**PREMIO: ROMÁN PORTELA SUÁREZ**                      **4º ESO A**

**MENCIÓN: KELLY IGLESIAS HERVELLA**                      **3º ESO A**

### ALUMNOS PREMIADOS NO CONCURSO DE RELATOS

**ESO:                      VERA RODRÍGUEZ NAZ                      2º ESO B**

**BACHARELATO:    MARTA GÓMEZ VILA                      1º BACH B**

Nas páxinas deste Besbello poderás ler os dous relatos gañadores

## A INDETERMINACIÓN DO DESCOÑECIDO

Certo día, un igual a outro calquera, un día máis... Nun lugar un pouco afastado deste que chamamos Terra, un lugar que queda tirando cara ao pensamento humano e seguindo ata chegarmos á Filosofía occidental... unha vez aquí debese ter coidado e coller a saída da epistemoloxía (aínda que moitos foron os que se equivocaron e acabaron collendo a saída da ontoloxía). Despois seguíde pola autovía do coñecemento científico e, cando a atopades, collede a saída ás ciencias formais. Dende aquí a cousa é doada e, coa axuda dos indicadores, será sinxelo chegar ata o noso destino. Este é unha gran cidade, de feito é tan inmensa que está a sufrir un aumento demográfico semellante á función exponencial  $e^x$ ... (xa vos podeades imaxinar que o prezo do  $m^2$  está polas nubes). Espero que xa esteades situados pois na metrópole das matemáticas non hai sitio para os de lento razoar. Ben, sigamos pois. Nesta gran cidade atopamos un pequeno barrio dedicado á educación dos membros da comunidade matemática coñecido como "A incógnita da Potencialidade" (pois o reto está en atopar o potencial de cada un dos estudantes). O barrio está inzado de infinitos colexios. Nun destes, agora mesmo, nun punto P da circunferencia do patio do recreo, un pequeno cero observa o resto dos seus compañeiros.


Cero é o único coma el en todo este colexio. Pois, "como alguén vai querer ter un inútil cero?", pensa o noso pequeno protagonista.

Pois ben, xa vos daredes conta de que o pequeno non ten en gran estima o seu propio díxito. Direivos que a culpa non é súa, polo menos non só súa: ao resto dos seus compañeiros non lles pasou inadvertido o feito de que el é o único coma el e, se hai algo no que se parecen os pequenos humanos e os pequenos díxitos, é en que ambos che son

cruéis. E, se cadra, o máis cruel de todos é aquel ao que agora mesmo Cero está a mirar, e que ocupa o centro da circunferencia do patio: o número  $\pi$  Pi é o dono do patio do recreo, o abusón máis grande de toda a historia das matemáticas. Coas súas infinitas cifras pasea polo colexio como se fose intocable... e case que o é. Pois el é o *quid* da álgebra, e tede por suposto que o ten moi claro. Xa que  $\pi$  non só asoballa a todos os estudantes, senón que tamén mete medo entre todos os puntos, rectas, ecuacións segmentarias, polígonos e planos encargados da educación deste colexio. Por que? A resposta é ben sinxela: tanto o barrio "A incógnita da Potencialidade", como o barrio "A Parábola" ou o barrio "As Bases Vectoriais" ou o barrio "Tales" forman parte do distrito da Xeometría. De xeito que Pi pertence a un clan superior de intanxibles dos que depende a xeometría tal e como a coñecemos.

Como ía dicindo, este pequeno monstro sempre está a marxinar ao noso Cero.

-Non entendes, Cero, que ti es un inútil? -soe atacalo polos corredores-. Se me sumo por ti, que ocorre? -pregunta o retorcido número-. Nada! -responde cun berro que provoca un estoupido de gargalladas entre os demais alumnos.



Pero Cero non só ten que soportar as burlas do Pi, senón que el mesmo non atopa un lugar no colexio. Todos os estudantes se organizan en grupos hermeticamente pechados. O grupo máis popular e que levanta todas as envexas é o grupo dos irracionais, do cal Pi é o xefe indiscutible e con el o número  $\Phi$  e uns poucos privilexiados máis. O seguinte grupo de prestixio é o dos naturais, á súa vez dividido nos Primos (estudosos e responsables) e os Compostos (reis de toda festa). Despois temos o grupo dos negativos (unha panda de góticos que non saben pasalo ben). Pero claro: onde entra o Cero?

-Non ves que es tan estorbo que nin os matemáticos se preocuparon por che dar un lugar? -búrlase Pi.

Deste xeito o noso pobre Cero está sempre só: come só, senta só, divírtese só. Si, seino, a vida deste pobre díxito semella un pesadelo e o certo é que pouco lle falta para selo. Cero cada día se sente máis pequeno e insignificante, sente que  $\Pi$  ten razón e se cadra foi unha estupidez darlle valor a nada.

-Como podo ser eu algo se represento á nada? -pregúntase moitas veces o díxito-. Ten algunha lóxica darlle un valor a algo que non o ten? Como pode ser que ningún profesor me queira dicir como se divide un número por min?

“Cando medres, contaráncho” -din sempre as rectas e os polígonos.

“Non entenden que preciso comprenderme? Pobre Cero ¿verdade? Se el souberse como nas clases de matemáticas non pelexamos cando o profesor nos di que un número entre cero tende a infinito... Dende logo podo entender a súa incerteza... Non entenden que preciso saber quen son?”

Durante semanas Cero estivo atormentándose ata que decidiu acudir á única persoa que sempre o entende, coa que sempre pode falar e que sempre ten respostas: a súa nai. Cando Cero chegou á casa, foi xunto á súa nai que estaba a

descansar cun deses concursos televisivos onde gaña o que é máis rápido por multiplicarse ou dividirse entre o número que di o presentador.

-Naiciña, pódeme explicar por que non sirvo para nada? -preguntou o noso Cero preto do pranto.

A súa nai, un formidable oito de grandes cadeiras e peitos cos que criou a Cero e os seus catro irmáns o Graciosoño 56, a Responsable 7 e os Xemelgos 2 e 2 que cando lles petaba tornaban en 4; mirouno perplexa.

-Que non vales para nada? Como podes pensar iso?

-Acaso eu son algo, nai? Acaso podes coller nada, podes repartir a nada, podes sumar por nada?


-dixo entre saloucos o pequeno cero recordando todo aquilo que lle dixera Pi.

-Non, meu fillo, non podes facer nada diso, ninguén pode -o impo de Cero acentuouse-. Pero niso reside a túa maxia. Es o número máis complexo de todas as matemáticas -Cero comezou a interesarse polo que a súa nai lle dicía-. Para os seres humanos entender o número cero non foi tarefa doada. De feito, hoxe aínda seguen a discutir se a nada é nada ou, ao poder falar dela, é algo. Os primeiros en darlle nome a esta indeterminación foron os antigos exipcios. E a que non sabes como te chamaron? -Cero nega coa súa circunferencia, responde á súa nai e pronto comeza a rir: “Si, seino, non ten ningún sentido”-. E dende eles nomeáronse as formas máis estrañas e diversas que poidas imaxinar. De feito, no século XII, despois de que un matemático italiano introduciuse de forma clara a túa cifra, as autoridades eclesiásticas tacharon este sistema matemático de demoníaco de xeito que, durante o uso do ábaco, pensar en ti semellaba pecado.

“E si, fillo, ti representas a nada e isto fai que contigo as cousas non sexan doadas; ti



podes ser a cifra máis inocua dunha operación matemática, pero tamén podes ser o elemento absorbente nunha multiplicación e, deste xeito, anular o resto dos díxitos. Pero o teu poder non remata aquí: ti só podes anular toda unha ecuación grazas á indeterminación que creas cando calquera número se divide contigo. Ti es capaz de tolear a unha calculadora: Coñeces alguén co mesmo poder? -parece que Cero comezaba a tranquilizarse... seica as palabras da súa nai o reconfortaban



“Cero, ti es especial, niso non hai dúbida, e endexamais serás coma os outros, pero na túa diferenza radica o teu inconmensurable poder.

Hoxe Cero decidira que xa non se ía deixar asoballar por ningunha constante con aires de grandeza. Deste xeito, inchándose de valor, Cero comeza a se achegar ao centro do patio do recreo. Cero avanza decidido... xa está farto de aguantar as burlas do mamalón de  $\pi$ . por iso xa non hai nada que o poida botar atrás. Pi pronto se decata de que Cero está a achegarse ao seu territorio, o séquito da constante comeza a musitar e mirar con indignación ao descarado Cero.

-Que cres que estás a facer? -pregunta cheo de ira o abusón-. Larga de aquí se non queres que me cabree -ameázao Pi despois de darlle un empurrón coas súas infinitas cifras que case tumba a Cero.

-Pi, pode que ti sexas a base da xeometría, que teñas infinitas cifras..., pero non es tan poderoso como cres -Pi comeza a rir a gargalladas.

-Que iluso es, estúpido Cero! Ti es neutro, ti non tes ningún poder e eu si. Que che fai pensar que non?

-Pois, se es tan poderoso e eu tan inútil, rétote a que te multipliques por min; tes o valor suficiente?

Aquel reto puña nunha difícil posición a Pi pois, se non quería quedar coma un covarde, non lle quedaba outra que aceptar o reto.


-Pois claro que me atrevo! -respondeu o temerario  $\pi$  pois el aínda non estudara a multiplicación e seguía a pensar que Cero tamén sería neutro nesta operación.

Pero o que deu en ocorrer foi que Cero absorbeu a  $\pi$  e este malévolo dígito desapareceu do patio do recreo. Dende aquela, grazas ás palabras que lle dixeran a súa nai, Cero comezou a confiar máis en si e aprendeu que ás veces as cousas non son tan sinxelas como parecen a simple vista e merece a pena seguir a indagar antes de tomar calquera decisión

Marta Gómez Vila 1º Bach B

Gañadora do concurso de relatos matemáticos de Bacharelato

A rapaza do circo, conto de Carlos Casares e ilustrado por Noa Covelo, gañadora do concurso de ilustración convocado pola biblioteca.







Mirou pola fiestra. Viase a carpa do circo que se ergulha entre os carballos do feiral. Está castigado. Cando saia, a sesión da tarde terá rematado. E despois de crear non o deixarán ir.




El coñeceuna de casualidade. Unha tarde, a iso das seis, estaba sentado nun banco do xardi e advertiu que se achegaba unha rapaciña loira, de melenas longas vestida cun pantalón curto.




Con acento francés preguntoulle onde podería atopar un médico. Acompañouna. Polo camiño ela díxolle que era trapecista do circo, e que seu pai, un antigo xendarme, se atopaba malo (pouca cousa, talvez unha mala dixestión), e que pediría que levasen un médico. El apenas falou.








Nadaban.



Era fluballe de Marsella, da súa infancia. El pechaba os ollos aquela día fronte ao porto, os barcos que Anne despedía desde o falado, a tia Françoise, Jules... Como sería aquel do primeiro biao no portal?

-Era loird' coma min, E -Lembraste del?



El tñha un sombrero de palla sobre os ollos para tomar. Lembraсте de? Sentiu os labios dela que se posaban nos seus. Foi como branca na galie dentro do corazón.



Despois bicáronse. Bicáronse moitas veces.

E ela apoiou a súa cabeza no seu peito.



Pronto correu a noticia de que se vián no río. Na casa faltaba: dixera o seu pai: Un fillo titiriteiro!





Hoxe os compañeiros de quinto desafiárono. -Á que non es home de subila


Non o dubidou. Asomou á Anne!...



Subiu. Recibiuna no vestíbulo e metéronse no laboratorio. Pecharon a porta por dentro e taparon o buraco da pechadura cun cacho de papel. Os de quinto armaban barullo fóra. El ensinoulle as bolboretas e as cobras metidas en formol.



Pediulle un alfinete e picouse nun dedo. Amosou través do microscopio.



- Sabes unha cousa? -dixo ela. - Que? - Que nos imos mañá. Colleuna pola cintura e bicouna. E naquel momento chegou o director.




Lando saía, será xa de noite e terase que ir para casa sen ver a Anne. E despois de ir para casa, pensará en Anne. E el ha de ir a buscar a Anne, pero que... Anne.



Mañá, ao se erguer, sentirase triste. Máis triste ca ninguén. E que será de Anne? Non a volverá a ver. Nunca máis? Nunca. Ergueuse moi cedo. Marchou correndo ao campo da feira. No sitio do circo só quedaba un redondel.

# Egipto capital Coia







# EL GINGKO: MI PRECIOSO ÁRBOL

Mi precioso árbol se vuelve débil en otoño y en invierno. Yo le doy cariño y le pongo una manta alrededor del tronco para que no se resfríe, ya que se queda sin hojas, completamente desnudo (menos mal que estos árboles no son pudorosos, que sino...)

Mide unos 30 metros, para mí es como un niño grande, porque al ser único en su especie hay que cuidarlo. Su copa es delgada, estrecha y de forma piramidal. Mi árbol tiene unas ramas rectas y empinadas, dobladas en el extremo, como si fuesen pajitas. Sus curiosas hojas en forma de abanico y planas, de unos 10cm de longitud, son perfectas para abanicarse en verano.



Mi árbol está plantado en parques, porque al ser como un niño, le encanta pasárselo bien. También se puede encontrar en jardines y calles, porque es muy sociable. Procede de China y actualmente no hay muchos en estado natural.

Mi maravilloso árbol tiene unos antepasados antiquísimos que le han dejado en herencia ser el centro de todas las miradas, porque es considerado fósil viviente.

Mi increíble árbol es como el Ave Fénix, al ser, este precioso vegetal, el único árbol superviviente a la bomba de Hiroshima.

## THE LEGEND OF VICUS TEATRO

### **Hai esperanza.**

E o dicimos porque, por unha vez, e coa esperanza de que sirva de precedente, un grupo de estudantes, por iniciativa propia e sen máis axuda que o seu ánimo, montamos un grupo de teatro nun lugar insospeitado. O noso instituto.

Foi unha iniciativa pequena, que empezou como o fan os grandes proxectos, por casualidade. E hoxe, tres anos despois, aquí estamos, a piques de estrear a nosa segunda obra, *O anel máximo*.

### **Inicios.**

Un primeiro esbozo do grupo formouse hai tres anos cando se decidiu, xa cara finais de curso, facer a representación teatral dunha obra que leran en clase uns compañeiros. Formouse un grupo rapidamente, con xente que tiña máis ou menos interese no que se estaba a facer, e en pouco máis de dous meses sacamos adiante a obra... con máis ou menos fortuna cabe engadir. Na mente de todos está a frase “merda de arquitectos!”, pronunciada no medio da representación tras unha serie de sucesos que imos omitir. A pesar de todo, a experiencia gustou e decidiuse volver o ano seguinte e continuar o proxecto.

### **Sen presa pero sen pausa.**

O novo curso comezou, e con el unha nova etapa na vida de todos. Algúns marcharon e outros seguiron, pero a intención de manter o grupo continuaba.

Esta vez fomos os alumnos os que tomamos o control dende o principio coa máxima ilusión posible. Falamos e fixemos as xestións necesarias para poder, a finais de outubro, comezar cos ensaios.

Así que alí estábamos, uns valentes, uns visionarios, uns... unhas grandes persoas facendo algo que levaba tempo sen facerse entre as paredes dese edificio.

Xuntámonos un grupo xeitoso de xente, cousa que aínda nos custou, e comezamos a ensaiar en serio.



Aquilo era un grupo de teatro formado por alumnos e dirixido por alumnos. Algo realmente fantástico.

Esta vez era todo diferente, mantivemos a obra do ano anterior *O achado do castro*, pero todo cambiou. Todo foi mellor, a relación entre a xente mellorou enormemente, xurdiu un ambiente de traballo fantástico e había moito máis interese en facer as cousas. E iso, co paso do tempo notouse. Os días foron pasando e os días de ensaio caendo un tras outro. A obra avanzaba, todo avanzaba. Mellorábamos aquilo, quitábamos o outro, engadíamos noutro sitio... A obra foise facendo nosa.

E así, sen darnos conta chegamos o día do estreno. Foi perfecto.

Xa soaba de fondo *O anel máximo*.

### ¿O último ano?

E así, con dous exitosos anos as costas comenzamos o terceiro. De novo cambios, xente que se foi e outra que chegou e, como sempre, xente que seguiu, por terceira vez.

Éramos: Darío Arias, David Pedrosa, Denise Pena, Lucía Vázquez, Mónica Carazo, Pablo Carrera, Paloma Lorenzo e Yago Rodríguez Barril.

Comezamos co *O anel máximo* a gran obra que tiñamos en mente.

Os ensaios foron máis duros que nunca, a dificultade da obra o esixía.

E chegamos o día de hoxe, so quedan uns retoques, uns pequenos axustes e... Bueno, xa sabedes, toca dalo todo no escenario.

¡Moita merda!



VICUS TEATRO

## EXCURSIONS, ACTIVIDADES, DEPORTES ETC















# O SORRISO MATEMÁTICO

Nunca na miña curta vida tivera moi bos profes de mates. Pero o mestre mal vestido e mal afeitado daquel ano non había quen o aturase, e iso que eu non son unha desas persoas que xulgan a xente polo seu aspecto físico, senón polo psíquico. Pero este funcionario tiña a mente máis pechada do universo! Ademais explicaba mal, poñía exames de tolos, deixaba cousas sen explicar, berrábanos sen motivo (e como berraba)... e por riba de todo chamábanos paspáns soamente porque preguntabamos cousas que non entendíamos. En fin, unha auténtica tortura. Cada vez que tocaba mates, Alvario, ao que lle tiña manía, case sempre estaba a piques de mexar polos pantalóns!

Cando levabamos dous meses de curso, colleu unha baixa. Coitado o profesor que estaba de garda despois de que viñese o director a darnos a fabulosa noticia! Todo o medo que tiñamos escapou pola boca mentres riamos e berrabamos, a Álvaro o medo saíulle polos pantalóns e tivérono que vir buscar.

Despois dunha xenial semana sen mates, chegou o día de vernos as caras co substituto. Estabamos todos co rabo entre as pernas cando pola porta entrou un home novo, duns 30 anos, louro e cos ollos marróns. Pero o seu físico non foi o que fixo que a tensión na clase desaparecese, senón o alegre sorriso que traía na cara.

-Bos días! Chámome Eduardo e vou ser o voso profe durante un tempo -tiña unha voz amable e preta-. O último que destes foron as ecuacións, non si? Ben, primeiro paso lista para coñecervos e despois comezamos.

Dende ese día a clase de mates converteuse na máis desexada por min, o resto das miñas compañeiras e dous dos meus compañeiros. Gustábanos ver como firmaba no parte, como deixaba o maletín encol da mesa e, cando pasaba lista e chegaba ao meu nome, o corazón pegábase un brinco e apenas podía dicir “presente”

O mellor de todo era coma explicaba, movéndose dun lado para outro e ríndose todo o rato. Entendíamos todo.

O primeiro día fíxonos unha pequena proba oral de rapidez de cálculo mental. Case todas as operacións tiñan trampa... a min tocoume:  $4536/6344 \cdot 99 \cdot 0$ . Respondina ben, todo o multiplicado por 0 dá 0. Álvaro meteu a zoca: Se Xan ten 7 mazás e a súa irmá quítalle 3 e o seu amigo lle come 2, cantas mazás non ten agora? Púxose tan nervioso que entendeu mal a pregunta e respondeu 2, cando o resultado era 5 porque pregunta as que non ten.

Ensinounos divertidos problemas de lóxica:

## Adiviña

Como facemos para que a vinte, agregándolle un, nos dea dezanove?

**Solución** Vinte en números romanos é XX e, se lle agregamos un 1 no medio, quedanos XIX.

## Adiviña

Se 5 gatos cazan 5 ratos en 5 minutos, cantos gatos cazarán 100 ratos en 100 minutos?

**Solución** Exactamente... 5 gatos.

E tamén curiosidades:



## Coeficientes curiosos

50 60 70 80 9 10 11 12 13 14... 1.000: 9.801 = 0, 10 20 30 40  
 00 11 22 33 44 55 66... 100: 891 = 0, 11 22 33 44 55 66 77 88 99  
 000 111... 1.000: 8.991 = 0, 111 222 333 444 555 666 777 888 999  
 10.000: 89.991 = 0, 1111 2222 3333 4444 5555 6666 7777 8888...

## Sumas curiosas

$$1 + 2 = 3$$

$$4 + 5 + 6 = 7 + 8$$

$$9 + 10 + 11 + 12 = 13 + 14 + 15$$

$$16 + 17 + 18 + 19 + 20 = 21 + 22 + 23 + 24$$


$$25 + 26 + 27 + 28 + 29 + 30 = 31 + 32 + 33 + 34 + 35$$

En definitiva, teño a sensación de que aprendín máis nun mes con el que con todos os demais profes xuntos. O día da despedida case o afogamos entre tantos abrazos e direccións, para que nos escribise contándonos máis curiosidades. E mira ti por onde... ao final a todos nos acabaron gustando as mates.

Cando se reincorporou o profe, berrou máis ca nunca polo pouco que avanzáramos. Eu e o resto da clase estábamos noutra parte, pensando en números e nada preocupados pola súa volta, pois sabíamos que non ía durar moito...

-Profe, coidado coa cadeira, que se lle rompeu unha pata! -berrou Álvaro... e uns segundos despois o profe estaba no chan.

Despois do incidente agardabamos todos polo día seguinte, desexosos de atoparnos un sorriso entrando pola porta. E así foi.




Vera Rodríguez Naz 2º ESO B

Gañadora do concurso de relatos matemáticos da ESO

## OS PROFES TAMÉN QUEREN DESCANSAR




**ALBERTO SONEIRA**



**ANXOS VÁZQUEZ**



**JOAQUÍN SANDOVAL**



**MIGUEL ALONSO**

# HAI QUEN SE DESPIDE DO INSTI ESTE ANO









# PUBLICIDADE

Se quieres financiar a túa excursión, aquí tes a solución



Outro xeito  
de vivir a  
universidade

Grado en Administración  
y Dirección de Empresas

**B·B·A**  
Bachelor in Business  
Administration

1º Grado Oficial Privado en Galicia  
Grado en Administración e Dirección de Empresas

*\* Fotos reais de alumnos en instalacións da Escola de Negocios*



Grado en Administración  
y Dirección de Empresas  
**B·B·A**  
Bachelor in Business  
Administration



902 905 555 [info@enegocioscaixanova.edu](mailto:info@enegocioscaixanova.edu) [www.bbaencaixanova.com](http://www.bbaencaixanova.com)



